Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Xeografía mítica

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Lendas da Cova da Furada dos Cas

Foi a primeira cova excavada en Galicia con metodoloxía científica alá polo ano 1867, con achados documentad historiador, arquiveiro e arqueólogo, José Villaamil

A cova e xacemento arqueolóxico[1] catalogado coa denominación Cova Furada dos Cas[2] localízase na parroquia Guillade e próxima aos lindes entre os concellos de Mondoñedo e de Lourenzá.

Atópase no Monte da Trinidade, outeiro practicamente desaparecido como consecuencia da extracción masiva d a pesar de estar catalogado e teoricamente protexido, o castro coñecido como Castro da Trinidade.

En *El Arte en España*[3], revista mensual de arte e historia, publica J. Villaamil unha carta dirixida ao seu directo xullo de 1870, na que dá entusiasta conta dos seus descubrimentos na que el chama Cova Osuaria. Villaamil, qu atopan, fai mención da existencia doutra cavidade no mesmo monte que noutro tempo, segundo tradición, se del actualidade tampouco existe.



Villa-amil y Castro, J. Antigüedades prehistóricas y célticas de

Descrición de Villaamil

Máis alá da relación de achados e das especulacións sobre etimoloxías, usos e posible ocupación humana do lug unha formidable descrición detallada da cavidade. A Furada dos Cas ten a entrada, estreita pero non incómoda, acceder ao interior hai que baixar catro metros. O interior semella un calexón case recto descendente e en direcc (de 2 a 6 m.) variables. "Caprichosas estalactitas tapizaban las paredes y parte del techo", "y se terminaba brusc

Folklore. Túnel e cidade asolagada

Dise que esta cova se comunica soterraneamente por un túnel co Mosteiro de San Salvador de Vilanova de Lour

O propio Villaamil, logo foi reproducido por L. Monteagudo4, fai referencia á "Gran cidade de Reiriz", que esta Serrapio (Sarrapio ou Serapio) en Mondoñedo, que sería afundida rapidamente por un "mágico". Moi ousado se Serrapio mais algúns expertos considérano hidrotopónimo, quizais prerromano, en refencia á existencia dun mar Villaamil sobre a súa relación co deus exipcio Serapeion5.

Nalgúns documentos relativos a obras que se realizaron en diferentes lugares do concello de Mondoñedo faise n da Fonte Nova que houbo no centro de Mondoñedo ou da igrexa parroquial de Lindín6) o que nos fai pensar que ser o antigo topónimo que sería suplantado polo de Monte da Trinidade por ter existido naquel monte unha cape

1 Vigo García, A. «Xacementos do concello de Mondoñedo". BMPLugo, XI, 2003-2004.

2 Plan Xeral de Ordenación Municipal de Mondoñedo (PXOM): Catálogo de Bens Culturais, naturais e p

3 Villa-amil y Castro, J. «Antigüedades prehistóricas de Galicia», en El Arte en España, 1869.

4 Monteagodo, L. «Palafitos, problemas y leyendas», en Revista de Dialectología y Tradiciones Populare

5 Villa-amil y Castro, J. *Antigüedades prehistóricas y célticas de Galicia*, Lugo, 1873.

6 García Doural, A., *Miscelánea Mindoniense* (blog) “A Furada dos Cas” (14 de xuño de 2009) e “La err